

Galicia activa o Plan de Emerxencias

GALICIA ACTIVA O PLAN DE EMERXENCIAS

Bares, restaurantes e discotecas permanecerán pechadas ao público, aínda que poderán seguir prestando servizos de envío a domicilio ou recollida no local.

- ▶ Non quedan afectados os servizos de restauración de establecementos hoteleiros destinados estritamente aos seus clientes, e dos establecementos en instalacións destinadas á prestación de servizos públicos.
- ▶ Tampouco afecta aos comercios minoristas de alimentación e produtos de primeira necesidade. En concreto, poderán abrir fruterías, carnicerías, peixerías, panaderías, farmacias, estacións de servizo, estâncos, quioscos e supermercados. No caso das grandes superficies, poderá permanecer aberta ao público a zona adicada a estes servizos básicos.

Poderán abrir establecementos como tendas de informática, papelerías, produtos de hixiene, de animais de compañía, ou os comercios por correspondencia ou Internet.

Outro tipo de lugares que quedan pechados ao público son os seguintes: cines, teatros, establecementos de xogo, salas de concertos e auditórios, recintos feriais, establecementos de lecer e entretemento (salas de festas, discotecas, pubs, cafés espectáculos e furanchos), centros de lecer infantil e, pavillóns e recintos deportivos, ximnasios e piscinas.

Os tanatorios verán reducida a súa capacidade a un terzo do seu aforo, cun número máximo de 25 persoas para o acompañamento do cortexo fúnebre.



EDUCACIÓN

Suspensión das actividades lectivas e extraescolares durante 14 días en todos os niveis educativos (tamén de 0 a 3). Desde o luns 16 os centros educativos estarán pechados para o alumnado.

Suspensión das prácticas dos estudiantes de titulacións de Ciencias da Saúde en centros sanitarios.

SANIDADE

Só acudir a centros e hospitais se é imprescindible.

Promoverase a consulta online e telefónica.

Convenio co Servizo Vasco de Saúde para o subministro de mascarillas durante tres meses.

Limitación a unha persoa por visita a cada doente ingresado.

Suspensión de visitas de visitadores médicos, farmacéuticos e voluntarios.

EMPREGO PÚBLICO

Protocolo para empregados públicos: pautas e recomendacións, posibilidade de adoptar medidas de flexibilidade horaria ou teletraballo, reorganización das quendas ou medidas de protección, entre outros.

POLÍTICA SOCIAL

Pech de centros sociocomunitarios e centros de día, sexan de maiores, de protección de menores ou de discapacidade, así como centros ocupacionais.

Nas residencias: limitación a 1 persoa por visita e prohibición de visitas de maiores de 70 anos ou con patoloxías ou síntomas respiratorios.

Suspensión das actividades con participantes externos en centros de maiores.

Suspensión das actividades das escolas infantis, dos puntos de atención á infancia, de ludotecas e doutros espazos infantís, das residencias de tempo libre, dos albergues xuvenís e espazos xoves

AFOROS

En actividades en espazos pechados: límite de 500 persoas e sempre que non se supere un terzo do aforo autorizado.

En espazos pechados cun aforo igual ou inferior a 50 persoas podranse celebrar os actos aplicando as medidas de distanciamento. En espazos abertos: límite 1000 persoas.

TRANSPORTE

Desaconséllase o transporte público e as súas estacións aos grupos de poboación especialmente vulnerables ás infeccións respiratorias, ás persoas que conviven en estes grupos, así como ás mulleres embarazadas.

Máis información en
coronavirus.sergas.gal



No caso de dúbdas ou necesidade de información, a Xunta de Galicia ten habilitado o seguinte teléfono gratuito:

900 400 116

XUNTA
DE GALICIA